

**ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA "SINALIZACIÓN DAS PARROQUIAS DE TUI E OS SEUS LUGARES", APERTURA SOBRE Nº 1, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, ás 11 horas do día 13 de novembro de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Carlos Vázquez Padín, Alcalde-Presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do Concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria do Concello.

Fabián Barreiro González, técnico municipal.

María Jesús Da Silva Fernández, concelleira delegada de Urbanismo.

Secretario:

José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

-Se presentan á licitación as seguintes empresas:

| REXISTRO | LICITADORES |
|--|---|
| 10032 de 30/10/2017 | BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L. |
| Fax: 10014 de 27/10/2017 Sobres: 10042 de 30/10/2017 | IMESAPI, S.A. |
| Fax: 10015 de 27/10/2017 Sobres: 10043 de 30/10/2017 | ECOCIVIL ELECTROMUR, GE, SL |
| Fax: 10017 de 27/10/2017 Sobres: 10048 de 30/10/2017 | HORNIDURAK INSTALAZIOAK ETA ZERBITZUAK, S.A. HIEZ |
| Fax: 10018 de 27/10/2017 Sobres: 10057 de 30/10/2017 | VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIÓ, S.A. |
| Fax: 10016 de 27/10/2017 Sobres: 10058 de 30/10/2017 | API MOVILIDAD, S.A. |
| Fax: 10013 de 27/10/2017 Sobres: 10059 de 30/10/2017 | TRAFIURBE, S.A. Comercio e Industria de Máquinas para Sinalizaçao, S.A. |
| 10060 de 30/10/2017 | PROSEÑAL, S.L. |
| Fax: 10084 de 30/10/2017 Sobres: 10093 de 31/10/2017 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SL |
| 10095 de 31/10/2017 | DIEZ Y COMPAÑIA, S.A. |
| 10100 de 31/10/2017 | NAROM, SL |
| Fax: 10133 de 31/10/2017 Sobres: 10142 de 02/11/2017 | SEROVIAL, S.L. |
| Fax: 10129 de 31/10/2017 Sobres: 10143 de 02/11/2017P | PASCUAL Y VILLAR, S.A. |
| Fax: 10126 de 31/10/2017 | SEÑALIZACIONES VILLAR, SA |

| | |
|---|---|
| Sobres: 10144 de 02/11/2017 | |
| Fax: 10130 de 31/10/2017 Sobres: 10145 de 02/11/2017 | SERGONSA SERVICIOS, SL |
| Fax: 10131 de 31/10/2017 Sobres: 10146 de 02/11/2017 | SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A. |
| Fax recibido 31/10/2017 Sobres 10189 de 03/11/2017 | SESTRAMA-09, SL |
| Fax recibido 31/10/2017 Sobres 10237 de 06/11/2017 | BRICANTEL ESPAÑA, SL |
| Fax: 10105 de 31/10/2017 Sobres 10240 de 06/11/2017 | LACROIX SEÑALIZACIÓN, S.A |

Procedida a apertura do sobre nº 1, correspondente á documentación administrativa e á vista da documentación achegada polos licitadores, advírtese pola Mesa de Contratación o seguinte:

1º.-Que respecto da empresa **SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.**, no punto 3º da declaración responsable que achega, declara que *“Que dispón de medios externos para executar as prestacións requiridas”*. En consecuencia, e todo elo de acordo co disposto no artigo 3º da declaración responsable do anexo II do prego de cláusulas administrativas, deberán indicar en este caso, qué prestacións se van a executar por eses medios externos; en qué consisten; e por quen ou quenes van a ser aportados. E por último, se é o caso, indicar se a empresa ten subscrito algún convenio, compromiso, etc, con tal empresa para prestar esas prestacións.

2º.-Que a respecto da empresa **BRICANTEL ESPAÑA, S.L** na declaración responsable que achega, non declara que a mercantil, á que representa ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequívocamente o obxecto do presente contrato, de acordo co recollido no artigo dos seus estatutos sociais, estatutos que están correctamente incritos nos rexistros correspondentes. De conformidade co establecido no artigo 2º do modelo de declaración responsable anexo II do prego de cláusulas administrativas. Así mesmo, se constata que o modelo de declaración responsable achegada non está debidamente asinada.

Visto o anteriores deficiencias, e co obxecto de verificar que se cumpre co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares así como coa normativa de aplicación, esta Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

1º.-Requirir á empresa **SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.**, para que se axuste ó modelo de declaración responsable que figuran no prego de cláusulas administrativas pregos, indicando que prestacións se van a executar por medios externos, en que consisten, por quen ou quenes van a ser aportados, e se ten subscrito algún compromiso, convenio, ou instrumento xurídico sellemante, con algunha empresa para realizar esas prestacións, indicando de qué empresa se trata.

2º.-Requirir á empresa **BRICANTEL ESPAÑA, S.L.** para que se axuste ó modelo de declaración responsable que figura no prego de cláusulas administrativas dado que no punto 2º da declaración omite o relativo a declarar que a mercantil ten un



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do contrato, de acordo co recollido no artigo.... dos seus estatutos sociais, estatutos que están correctamente inscritos nos Rexistros correspondentes. Así mesmo, debe achegar a declaración responsable debidamente asinada con sinatura orixinal.

3º.-Conceder ao efecto un prazo de 3 días hábiles a partir do seguinte ao da recepción do requirimento para que os licitadores requiridos subsanen os defectos advertidos.

De seguido, e sendo as once horas e cincuenta minutos exténdese a presente acta, que, trala súa lectura se asina por tódolos asistentes, do que eu secretario, dou fe.

O Secretario da Mesa

Documento asinado dixitalmente á marxe.